

**COMUNICADO Nº 309/23
19 DE NOVIEMBRE DE 2023**

**A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO PRESENTOU O SANDERO
ECO CUP GALICIA 2024 ANTE OS MEDIOS E DEPORTISTAS**

A Federación Galega de Automobilismo presentou o pasado venres en Ribeira, aproveitando a derradeira proba do Campionato Galego de Rallyes que se disputou na vila costeira coruñesa a nova Sandero Eco Cup Galicia, o formato monomarca da firma Dacia que debutará nas certame autonómico o próximo ano.

O novo vehículo da compañía do grupo Renault, que acadou un excelente resultado con Jorge Cagiao e Adrián Muñiz ao finalizar na 34ª posición, chega ao Campionato Galego de Rallyes cun interesante concepto sostible ao utilizar combustible GLP en combinación coa gasolina habitual.

O Sandero conta cun motor turbo de 100 cabalos aproximadamente e será un dos grandes atractivos dun calendario que constará de seis probas nas catro provincias galegas.

Na presentación, Markel de Zabaleta afirmou que o vehículo poderá ser financiado na súa integridade para que os equipos interesados poidan pagar unha mensualidade de aproximadamente 180 euros ao mes (consultar condicións á marca).

O formato, que terá continuidade nas próximas tempadas, ofrecerá 20.000 euros en premios neste primeiro ano de competición o que garante un excelente sistema de promoción e plataforma cara outros certames.

Nas próximas semanas detallarase o calendario final e o reparto de premios exacto.